

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de setembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICA.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para construír un edificio na rúa paseo dos estudantes (parcela A-3, Sur K, San Fiz) (2023/Y001/000205).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. PERSOAL.- Acórdase a atribución temporal de funcións como sarxento de bombeiros do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RECLACIÓNS INSTITUCIONAIS

3. CASA DA MULLER.- Acórdase a aprobación da convocatoria de subvencións destinadas ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual, para o exercicio 2024.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3619567693874165782.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-9-2024

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.